



Memoria de actividades para o 2015

A Asociación Cultural e Musical Solfa, un ano máis, presenta a programación para o ano 2015. A escaseza de apoios económicos por parte da administración fará que as actividades precisen todo o apoio dos socios e socias para poder executalas.

Polas fillas dos nosos fillos. Queremos Galego!

A Asociación Cultural e Musical Solfa, como asociación participante da Plataforma Cidadá [Queremos Galego](#), chamou aos soci@s de Solfa a manifestarse o **domingo 8 de febreiro, ás 12 da mañá, en Compostela**.

Día 13 de febreiro, venres, Concerto do Antroido. Ás 20.00h. deu comezo no Centro Sociocultural das Fontiñas o concerto da Coral e Banda de música de Solfa.

Sorteouse nese concerto dous bonos agasallo no Hotel Balneario de Compostela en Brión, que inclúen, cada un deles, unha velada termal para dúas persoas, con aloxamento, almorzo buffet, acceso ao circuíto termal e menú degustación do chef. Sorteio que se celebrou unha vez rematado o concerto da Coral e Banda de Música de Solfa.

22 de febreiro. Día de Rosalía de Castro 2015

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) promove, un ano máis, a conmemoración o 24 de febreiro, aniversario do nacemento da autora, **O Día de Rosalía de Castro**. Este ano 2015 a AELG propuxo celebralo baixo o lema **“Eu son Rosalía”**. Grazas ao convite da AELG, a Coral de Solfa actuou no Panteón de Galegos/as Ilustres o día 22 de febreiro, domingo, ás 12.00h. no transcurso do acto homenaxe á nosa escritora.

Actos de apoio á Iniciativa Lexislativa Popular sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación da obra de Castelao polo pobo galego

A Asociación Cultural e Musical Solfa quixo implicarse nesta campaña iniciada por distintas asociacións que forman parte da Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura, xuntamente con outras organizacións sociais (Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Mesa pola Normalización Lingüística...) sensibilizadas co tratamento que se lle está a dar á obra de Castelao. Todas nós reivindicamos o dereito a coñecer e contemplar a obra de Castelao polo Pobo Galego.

Solfa puxo mans á obra e moitos dos nosos socios/as estamos recollendo as sinaturas necesarias para presentar no Parlamento Galego esta ILP. Estamos a preparar unha exposición dalgúns dos debuxos de Castelao. A apertura desta exposición irá acompañada dun concerto por parte da Banda de música de Solfa e da Coral co estreo

do poema de Ramón Cabanillas, *Na Morte de Castelao*, musicado polo noso director Francisco Tobar. Non faltará lectura de textos de Castelao.

Esta cita será o día 17 de abril no Centro Sociocultural das Fontiñas e inauguramos a exposición das Estampas da Guerra de Castelao, que se poderá visitar ata o sábado seguinte.

19 de Abril. Festival de Bandas de Música en Narón.

A banda de música de Solfa é convidada pola Banda de música de Narón a un festival no mes de abril no que participará a Banda de música de Ribadumia.

1 de Maio.

"Irmandade Coral Galiza - Euskal Herria"

A Escola de Ensino Galego Semente, o 1 de maio, ás 18.30h. en Compostela organiza un encontro entre tres corais bascas e unha coral galega e convidan a cidadanía de Compostela a esta irmandade musical, organizada pola Escola de Ensino Galego Semente.

A música une os nosos pobos no mes de Maio, co poema "*O Maio*", de Curros Enríquez interpretado conxuntamente polas catro corais, como tema central do concerto, que se presenta como unha mostra das identidades musicais da tradición coral galega e basca.

A Semente é un proxecto educativo autoxestionado, popular e sen ánimo de lucro, que ten entre os seus principios, a interculturalidade e este concerto pretende irmandar as nosas linguas e culturas propias.

Coral Xumela,
Coral Monte Txio de Zarauz
Coral Olagarro, de Ondarribia
Coro Solfa, de Compostela Galiza

2 de Maio.

Concerto da coral El Canto e Solfa, no Auditorio do Museo do Pobo Galego ás 19.00h.

23 de maio. Festival de Bandas de Música.

Estamos a organizar un festival de bandas de música e debemos convidar as Bandas de música de Negreira, Ribadumia, Narón.

6 de Xuño. Festival de Bandas en Arca – O Pino

13 de xuño. Festa das Fontiñas.

Estase xestionando a participación nas festas do Barrio cun concerto da coral e a banda de Solfa

26 de Xuño. Concerto da escola de música de Solfa.

No Centro Sociocultural das Fontiñas. Actuacións dos alumn@s de Solfa

11 de xullo. Concerto no museo Manuel María, en Outeiro de Rei.

En colaboración coa Fundación Manuel María, Asociación cultural o Galo estase a xestionar un encontro de asociacións na casa museo de Manuel María en Outeiro de Rei, coa actuación da banda de música de Solfa e Coral. Comida campestre na Carballeira de Santa Isabel.

Novembro. Encontro de corais.

Debemos organizar un encontro de corais pasado o verán.

Próximos concertos da Banda de música de solfa.

17 de abril no Centro Sociocultural das Fontiñas dentro do acto da ILP, ás 20.00h.

19 de Abril, domingo, Festival de Bandas de Música en Narón. 5 da tarde concerto. Sairemos aproximadamente ás 3.15h.

23 de maio, sábado. Festival de Bandas de Música en Vidán (están en festas) – Santiago.

6 de Xuño, sábado. Festival de Bandas en Arca – O Pino

13 de xuño, sábado. Festa das Fontiñas.

Estase xestionando a participación nas festas do Barrio cun concerto da coral e a banda de Solfa

26 de Xuño. Concerto da escola de música de Solfa.

No Centro Sociocultural das Fontiñas. Actuacións dos alumn@s de Solfa

11 de xullo, sábado. Concerto no museo Manuel María, en Outeiro de Rei.